

**CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL,
MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE CATRO SOCORRISTAS PARA
AS PRAIAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS**

BASES

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal a tempo parcial, na modalidade de “obra e servizo determinado”, e utilizando o concurso-oposición como sistema de selección, de catro socorristas que prestarán o servizo de asistencia e vixilancia nas praias do Concello de Cabana de Bergantiños.

SEGUNDA.-DURACIÓN DO CONTRATO E SALARIO DO TRABALLADOR.

A duración do contrato será de DOUS MESES E MEDIO a contar dende a sinatura deste, (está previsto que o servizo se inicie o día 27 de xuño e remate o 11 de setembro de 2011) A xornada de traballo será de 30 horas semanais, repartidas de luns a domingo, en quendas a determinar pola Alcaldía e o departamento de deportes. Os traballadores terán un salario de 600 euros brutos por tódolos conceptos, incluída prorrata de pagas extras.

TERCEIRA.-CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

1.-Para seren admitidos ó presente concurso-oposición os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Ser cidadán español sen prexuízo do establecido na Lei 17/1993, de 23 de decembro, e na LO 4/2000, de 11 de xaneiro.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade.

c) Estar en posesión do GRADUADO ESCOLAR ou equivalente ou en condicións de obtelo/s na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para participar na presente convocatoria. No suposto de invocar un título equivalente ós esixidos haberá de xuntarse un certificado expedido polas autoridades académicas competentes.

d) Estar en posesión do título de SOCORRISTA ACUÁTICO ou equivalente ou en condicións de obtelo/s na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para participar na presente convocatoria. No suposto de invocar un título equivalente ós esixidos haberá de xuntarse un certificado expedido polas autoridades académicas competentes.

e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.

A estos efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte.

Nas probas selectivas estableceranse para as **persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia**, as adaptacións posibles de

tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.

f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estén incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-As solicitudes para participar no concurso-oposición axustaranse ó modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **6 días naturais**, contados dende o seguinte ó da publicación da convocatoria da respectiva praza nun xornal de suficiente tirada na zona e na web do Concello (www.concello-cabana.com). As instancias tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Non obstante, neste último caso, deberá anticiparse a presentación da solicitude de participación, a través de calquera medio que permita deixar constancia (fax, telegrama etc...) que deberá ter entrada no rexistro do Concello antes de que remate o prazo e hora fixados como o último día para a presentación de solicitudes.

2.-Á instancia unírase inexcusablemente:

a).-Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

b).-Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

c)- Certificado ou informe médico de no padecer enfermidade ou eiva física que impida a realización das probas físicas previstas no presente proceso de selección así como do desenrolo posterior do traballo.

d).-Carta de pagamento de ter aboado os dereitos de exame nos servizos económicos municipais ou copia do xustificante de ingreso na conta municipal designada de seguido, cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta (nº de conta para abono bancario: 2091-0075-70-311000019). En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame establécense en **5 euros**, e so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é únicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

3.-Os erros de feito que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquer intre, de oficio ou a petición do interesado.

4.-Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcurrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue dictará resolución aprobando a lista de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na web do Concello. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

2.-Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de **2 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello, para subsana-los defectos que motivaran a súa exclusión ou a súa omisión das relacións de admitidos e excluídos. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.-Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como contra aqueloutras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos a que haxa lugar en Dereito.

4.-Na mesma resolución o Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de comezo das probas selectivas e a composición do Tribunal Cualificador, que se publicará igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.

SEXTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.-O Tribunal Cualificador estará composto por los seguintes membros titulares ou suplentes que poderán intervir indistintamente:

- Presidente:

Titular: Interventora da Corporación

Suplente: un funcionarioda Corporación.

- Secretario:

Titular: secretario da Corporación, actuará con voz pero sen voto.

Suplente: un funcionario da Corporación.

- Vocais:

1.-Un traballador laboral fixo ou funcionario (suplente)

2.-Un traballador laboral fixo ou funcionario (suplente)

2.-Os membros do Tribunal estarán suxeitos ós supostos de abstención e recusación previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, non podendo seren nomeados membros, colaboradores ou asesores do Tribunal os que realizasen tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas para acceso á función pública nos cinco anos derradeiros á publicación desta convocatoria.

3.-O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de alo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaránse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

5.-O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

6.-Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

7.-A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

SÉTIMA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS.

1.- Con carácter xeral, para todas aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, chamarase aos aspirantes por orde alfabético do seu primer e segundo apelidos.

Os aspirantes serán convocados provistos do seu D.N.I. para cada exercicio en chamamento único. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

2.-Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, xa que logo, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuito ou forza maior que impidise a presentación dos aspirantes no momento previsto, sempre que esté debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ós aspirantes afectados por estas circunstancias, sempre que no rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenrolo da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros

3.-Para as persoas con minusvalías que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

4.-O Tribunal, sempre e cando resulte posible, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corrixidos sen coñecer-la identidade do aspirante.

5.-A data de celebración do concurso-oposición anunciarase como se dispón na base quinta.

OITAVA.-PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección terá as seguintes fases:

O chamamento será único e de un en un.

1.- FASE DE OPOSICIÓN:

Esta fase será previa á do concurso e consistirá na realización dos seguintes exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

- 1ª Proba: Nado + extracción combinada. 10 mts
Posición de partida: de pe.
Ao sinal: entrada na auga, 100 metros de nado libre, recollida de anilla no fondo a 15 mts do final da proba e saída da auga coa anilla na man.
Posición final: de pe e fora da auga.
- 2ª Proba : Buceo + Remolque. 50 mts
Posición de partida: de pe.
Ao sinal: zambullida + buceo ata recollida de anilla + nado de remolque cas mans fora da auga en todo momento e levando nelas a anilla.
Posición final: de pe fora da auga.
- 3ª Proba: Combinada.
Posición de partida: de pe.
Ao sinal: 100 metros libres en menos de 1'45'', saída da auga e colocación dun inconsciente finxido en PLS+sinalización de RCP básica.
- 4ª Proba: Test sobre primeiros auxilios e actuacións en situación de emergencia. Constará de 20 preguntas cunha puntuación de 0,5 puntos cada unha. Para superar a proba será necesario contestar correctamente 10 preguntas. As respostas incorrectas puntuaranse con cero puntos.

Puntuac.	PRUEBA 1 Nado+extracción 100 mts	PRUEBA 2 Buceo+Remolque50 mts	PRUEBA 3 100mts+maniobras	Proba 1ª auxilios
1	2'	1'15''	1'45''	
2	1'50''	1'10''	1'40''	
3	1'45''	1'05''	1'35''	
4	1'40''	1'	1'30''	
5	1'35''	55''	1'25''	
6	≤1'30''	≤50''	≤1'20''	

Para supera-la fase de oposición será necesario:

- puntuación mínima de 3 puntos en alomenos dúas probas de auga
- condición de apto na proba de 1º auxilios (PLS+sinalización de RCP básica)
- superar a proba test de 1º auxilios (10 preguntas correctas)

2.- FASE DE CONCURSO:

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

A.-Experiencia profesional:

- Por servicios prestados en postos similares (socorrista-vixiante de praia) na Admón. Pública : 0,25 puntos/mes, ata un máximo de 2 puntos.
- Por servicios prestados en Agrupacións de Protección Civil: 0,10 puntos/mes ata un máximo de 2 puntos.
- Por servicios prestados en postos similares en empresas privadas: 0,10 puntos, ata un máximo de 1 punto.

Non se computarán servicios inferiores a un mes, considerándose, a estes efectos, os meses de trinta días.

Acreditarase mediante certificación ou outro documento equivalente, expedidos en ámbolos dous casos polo Organismo ou Entidade correspondente, que permita avalia-los servicios prestados, e en todo caso que indique claramente a data de inicio e de finalización dos citados servizos. No caso de acreditarse mediante a presentación de copia dos contratos, éstos aínda que indiquen a data de inicio e fin, deberán acompañarse dunha vida laboral ou do documento de fin de contrato. No caso de que non se acredite fehacientemente a data de inicio e fin do servizo o Tribunal estará facultado para valorar con 0 puntos os méritos alegados neste apartado.

A puntuación máxima deste parágrafo é de 5 puntos.

B.-Titulacións e cursos relacionados co posto de traballo a desenvolver:

- Por posee-lo título de Patrón de Embarcacións de recreo: 1 punto
- Por cursos relacionados coas funcións do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos:

- *Que non especifiquen horas.....0,01 puntos
- *Inferior a 20 horas..... 0,05 puntos
- *De 20 a 39 horas..... 0,10 puntos
- * De 40 a 99 horas..... 0,25 puntos
- *De 100 horas en adiante..... 0,50 puntos

Acreditarase mediante diplomas ou certificacións expedidas polas Entidades Organizadoras.

NOVENA.-CUALIFICACIÓN.

1.- O resultado final da fase de oposición virá determinada pola suma de tódalas puntuacións acadadas en cada unha das probas para todos aqueles aspirantes que superen a citada fase: puntuación mínima de 3 puntos en alomenos dúas probas de auga; condición de apto na proba de 1º auxilios (PLS+sinalización de RCP básica); superar a proba test de 1º auxilios (10 preguntas correctas)

2.- Para proceder á valoración dos méritos alegados é condición indispensable ter superada a fase de oposición. No caso de empate, resolverase pola mellor posición obtida na fase de oposición.

DÉCIMA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida (suma da fase de oposición máis a fase de concurso), non podendo rebasar estes o número de postos convocados, e faráa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello.

2.-Na acta da sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que superando os exercicios da oposición, non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección, aqueles aspirantes que tivesen superado as probas de oposición. Ademáis a relación quedará para poder ser utilizada ata o remate do presente ano, como reserva (sempre respetando a orde da lista), para cubrir situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de socorristas. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó remata-lo período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser chamado para unha nova contratación.

3.-De acordo coa relación de aprobados elevarase ó Sr. Alcalde, ademáis da acta da sesión, a proposta de designación dos aspirantes seleccionados.

UNDÉCIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.-Os aspirantes propostos presentarán na Secretaría do Concello, no prazo **de 3 días hábiles**, contados a partir da publicación da relación de aprobados no Taboleiro de Anuncios de Concello, os documentos seguintes:

a.-Fotocopia compulsada polo Secretario deste Concello do Documento Nacional de Identidade.

b.-Fotocopia compulsada polo Secretario deste Concello de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, ou dos xustificantes de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de terminación do prazo de

presentación de instancias, deberá xustificarla data en que se finalizaron os correspondientes estudos.

c.- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

d.-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

e.-Declaración xurada de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.

f.-Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo Organismo competente na materia.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

DUODÉCIMA.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polos interesados, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á designación dos aspirantes seleccionados e procederá á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este periodo se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

DÉCIMO TERCEIRA.-INCIDENCIAS.

1.-A presente convocatoria, as súas bases, e tódolos actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.-Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril e o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, Lei 7/2007,

de 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público e a normativa laboral de aplicación.

Cabana de Bergantiños, a 3 de xuño de 2011

O ALCALDE EN FUNCÍONS.

DILIXENCIA.- Para facer constar que as presentes Bases foron aprobadas por resolución da Alcaldía nº 349/2011, do 3 de xuño de 2011.

A SECRETARIA EN FUNCÍONS

